

Fillas de Cassandra publicará este ano ‘Tertúlia’, o seu segundo disco

Sara Faro e María SOA veñen de anunciar nas súas redes sociais o lanzamento, cuxo primeiro sinxelo se poderá escoitar o 30 de xaneiro

Vigo, 15 de xaneiro de 2026.- Regresa Fillas de Cassandra. O dúo vigués vén de anunciar a través dun vídeo, [publicado esta mañá nas súas redes sociais](#), que neste 2026 o grupo lanzará o seu segundo LP, que se titulará ‘Tertúlia’.

Neste álbum, producido por Çantamarta e polas propias Fillas de Cassandra, Sara Faro e María SOA lanzan un **convite a desobedecer**. Nun contexto marcado pola fragmentación da comunidade, **sentar a falar e escoitar convértese nun xesto político**. Así, en ‘Tertúlia’ hai conversas, chamadas, pensamentos en voz alta, cortes, repeticións, voces que se superpoñen e moitos risos: son as formas que se atopan e mesturan, desde a proximidade, nos espazos de encontro, confesión e festexo.

O novo disco, que chegará na **primavera** e contará con destacadas colaboracións, é unha proposta arriscada e incisiva coa que Fillas de Cassandra amplía o seu universo instrumental e ensancha os marcos da sonoridade percutiva que caracteriza ao dúo. A electrónica contemporánea, a experimentación coas voces e as harmonías -que xa avanzaban no seu EP ‘[Hibernarse](#)’- encóntranse nesta ‘Tertúlia’ cunha forma de composición e escrita xenunina e afiada.

O primeiro avance do disco poderase escoitar **a partir do 30 de xaneiro** nas principais plataformas dixitais. O sinxelo acompañarase dun videoclip rodado en Vigo -dirixido por Santi Iglesias, Sergio ‘Steel’ e Fillas de Cassandra-, como a peza audiovisual publicada esta mesma mañá nas redes do grupo.

Kit de prensa ‘Tertúlia’

https://cutt.ly/presskit_fdc_tertulia

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

Lucía Pita | 675 404 321 lucia@tremendoaudiovisual.com